

# **O Goberno galego aposta por unha sanidade á última, investindo 4,6 millóns en equipos tecnolóxicos de hemodinámica**

*O Executivo segue mellorando a calidade asistencial e as capacidades do equipamento do Sergas e consolidando unha das mellores hemodinámicas do Sistema Nacional de Saúde*

O Goberno galego fai gala da súa aposta por unha sanidade á última investindo ata 4,6 millóns de euros en renovar os equipos tecnolóxicos dos servizos de hemodinámica dos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Como avanzou Feijóo, “demos luz verde á renovación dos equipos de intervencionismo guiado por imaxe en cardioloxía, é dicir, os equipos necesarios para os servizos de hemodinámica”.

Esta acción enmárcase no seo do plan de renovación tecnolóxica dos hospitais galegos, no que se investirán 88 millóns de euros. Trátase, por tanto, da segunda iniciativa que se leva a cabo trala adquisición de dez novos aceleradores lineais para os servizos de radioterapia, empezando polos do hospital público de Lugo.

A actualización dos equipos tecnolóxicos dos servizos de hemodinámica levarase a cabo naqueles hospitais nos que a maquinaria leve anos funcionando e deba ser mudada por tecnoloxía de última xeración. Por iso, esta iniciativa terá un gran impacto nos tres grandes hospitais da comunidade autónoma: o de Vigo, o de Santiago e o da Coruña. As súas salas de hemodinámica renovaranse e, posiblemente, tamén se ampliarán.

Continuando con este proceso de actualización tecnolóxica, o Goberno de Feijóo segue mellorando a calidade asistencial e as capacidades do equipamento do Servizo Galego de Saúde e consolidando unha das mellores hemodinámicas do Sistema Nacional de Saúde.

Como subliñaron os populares galegos, a Xunta non só protexeu

a sanidade pública das consecuencias da crise senón que segue a traballar por avanzar e a mellorar neste eido. De feito, o Goberno de Feijóo prosegue a modernización da rede sanitaria galega. Sen ir máis lonxe, e a poucos meses de inaugurar a ampliación das urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, neste momento está aprobada xa a construción de sete novos centros de saúde e se están a construír o novo hospital de Lugo, ou o de Vigo –o máis grande en construción en España neste momento-, están en fase de licitación o edificio de hospitalización de Ourense e a ampliación do Hospital da Costa e o do Salnés. Como destaca o PPdeG, ese debe ser o camiño a seguir e non será doutro modo mentres sigan no Goberno.

## **A Xunta ofrece 344 novas prazas no Sergas, que elevarán ata 5.000 os profesionais da Sanidade que verán consolidado o seu posto desde que Feijóo é presidente**

*Con carácter xeral, o 50% das que se convoquen en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna*

Coa nova convocatoria de 344 prazas na Oferta Pública de Emprego do Sergas para 2015, a Xunta posibilitará que preto de 5.000 profesionais sanitarios vexan consolidado o seu posto de traballo desde 2009.

No que atinxe ao persoal licenciado sanitario, 72 prazas correspóndense a facultativos especialistas de área de ata 16 especialidades, 42 médicos de familia de atención primaria, 6 médicos coordinadores e 2 médicos asistenciais da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, e 4 odontólogos de atención primaria.

En canto a persoal diplomado sanitario e de formación profesional, 80 prazas son de persoal de enfermaría, 6 de matronas, 6 de fisioterapeutas, 60 de auxiliares de enfermería, e 26 de técnico de farmacia. E, respecto ao persoal de xestión e servizos ofértanse 7 prazas de grupo técnico da función administrativa, 19 de persoal técnico superior en prevención de riscos laborais, 3 de técnicos de xestión e 5 técnicos especialistas de sistemas e tecnoloxías da información, e 6 traballadores sociais.

As prazas de médico de familia de atención primaria e de persoal de enfermaría acumularanse á oferta do ano 2013, o que permitirá convocar 82 prazas de médico de familia de atención primaria e 205 de persoal de enfermaría.

Así mesmo, cómpre salientar que con carácter xeral, o 50% das

que se convoquen en cada categoría reservaranse para a súa provisión polo sistema de promoción interna. E, reservaranse unha cota non inferior ao 5% do total das vacantes ofertadas para ser cubertas entre persoas con discapacidade.

Polo tanto, desde o ano 2009 e contando xa esta OPE de 2015, serán preto de 5.000 os profesionais sanitarios os que terán consolidado o seu posto de traballo con vínculo de fixeza.

O Goberno galego aposta firmemente polo emprego público e por garantir a prestación dos servizos sociais básicos, como demostra o feito de que nin sequera en plena crise económica deixou de convocar prazas públicas en ámbitos tan importantes para a sociedade galega como a sanidade pública.

# **Galicia dá un paso para garantir a mellor convivencia posible nas aulas e evitar os conflitos e os casos de acoso**

*A Xunta abre un proceso de participación, a través dunha macroenquisa, para deseñar unha estratexia que preveña conflitos nos centros educativos e mellore o clima escolar*

Co obxectivo de garantir a mellor convivencia escolar posible, o Goberno galego vén de avanzar a apertura dun proceso de participación para deseñar unha estratexia que preveña conflitos nos centros educativos e mellore o clima escolar.

Como lembrou Alberto Núñez Feijóo tralo último Consello da Xunta, Galicia leva tempo sendo pioneira na mellora do clima escolar con medidas como a aprobación da primeira lei en España que recolle o cyberbullying. Así mesmo, Galicia foi a primeira comunidade que recolleu unha guía do tratamento do acoso e aposta pola rápida resolución dos procedementos, dando un prazo máximo de doce días para adoptar decisións cando hai un problema serio nun centro.

Nesta liña, o Goberno galego deu un paso máis para garantir a mellor convivencia posible nas aulas, impulsando unha estratexia que abordará este asunto desde o nivel social, o institucional e o persoal e contará con cinco eixos de actuación: a diagnose e o seguemento de cada caso, a investigación e a difusión dos casos de éxito e boas prácticas, o apoio á comunidade educativa, a vertebración das iniciativas comunitarias para a mellora da convivencia escolar e a abordaxe de situacións nas que as actuacións de prevención non desen resultado

No que atinxe ao sistema de recollida de datos para a estratexia, levarase a cabo unha macroenquisa a todo o alumnado desde 5º de Primaria. Será, sen dúbida, a máis completa de España nesta materia. Así mesmo, promoverase a creación de protocolos que favorezan a abordaxe das diferentes situación de conflito e prestarase orientación aos centros para a elaboración de cadanseu Plan de convivencia.

Como destacou Feijóo, trátase dunha estratexia completa, global, que parte dunha diagnose certa para para traballar e mellorar o clima nas aulas. Segundo os datos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o clima nas aulas galegas é bastante mellor que o clima medio do ensino público no Estado. Por tanto, “queremos garantir efectivamente o mellor clima de convivencia posible e para iso temos que buscar a implicación de todos os axentes inmersos na convivencia escolar”, afirmou Feijóo, e “queremos contar con todos e por iso abrimos un proceso de diálogo cos alumnos, cos profesores, co persoal de servizos da educación pública, coas ANPAs, cos servizos sociais, cos servizos de saúde, cos corpos e forzas de seguridade do Estado, cos xulgados de menores, co tecido asociativo e cos servizos municipais e comunitarios xa sexan dependentes dos concellos ou da Xunta de Galicia”, engadiu.

Como explicou, iso farase con dous obxectivos: ter os recursos e os instrumentos necesarios para actuar con rapidez cando se produza algunha situación problemática nun centro escolar e, sobre todo, ser capaces de previr que ocorran e darlle aos alumnos as claves para que non teñan comportamentos que perturben a convivencia nos centros.